

PRESENTADO O LIBRO RECENDOS DE LUZ E DE SOMBRA -SEIS DUCIAS DE POEMAS (MÁIS UN)-, DE BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO, MERO



Baldomero Iglesias Dobarrío, *Mero*, presentou na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela o seu segundo poemario *Recendos de luz e de sombra -seis ducias de poemas (máis un)-*. Un libro editado pola Fundación Manuel María da Terra Chá e prologado por Xosé Neira Vilas, que recolle unha escolma de poemas escritos ó longo dos últimos anos.

No acto de presentación interviron, entre outros, Xosé Luis Rivas Cruz *Mini*, compañeiro do autor no grupo *A Quenlla* que fixo unha semblanza do *Mero* poeta e amigo; o escritor e poeta David Otero, e Alfonso Blanco Torrado, da Fundación

Manuel María, impulsora desta iniciativa literaria. Introducido polo xornalista Xulio Xiz, no acto deuse lectura a unha serie de poemas como "Mai" ou "Patria", que foron aplaudidos polo público asistente entre o que se atopaba o escritor Antón Vilar Ponte.

Recendos de luz e de sombra -seis ducias de poemas (máis un)-, con fotografías de Carlos Rodríguez Arias, estrutura a compilación de poemas en torno a cinco grandes bloques iniciados polas composicións "Eu", "Nós", "Sentimento, razón da miña vida", "Terra" e "Patria" condensan e dan sentido público ao propio, o seu, a orixe e "a casa que nunca tivemos".



Con estas palabras resume Neira Vilas a creatividade literaria do autor: "Mero é tamén poeta. Ou diría mellor que é poeta antes que ningunha outra cousa, ou que hai poesía en todo o que fai. Vive como poeta, como postulaba Unamuno. Ademais das letras de moitas cancións, incluídas nos discos dos grupos Fuxan os Ventos e A Quenlla, ten poemas dispersos en revistas, poemas de circunstancias, e é autor doutro excelente libro de versos *Na lonxitude do tempo*".

Sentimentos do autor cara os seus amigos -algúns deles do mundo das letras como Fiz Vergara Vilariño, Manuel María...-, a súa familia -en especial ás lembranzas á nai-, a Terra chá e Galicia impregnan os poemas de *Mero* que xa ten recoñecido o seu bo facer literario a través de diversos galardóns recibidos.

R.